

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 1 de abril de 2009 pola que se establecen delegacións de competencias na execución do orzamento de gastos e en contratación.

A fórmula da delegación competencial é utilizada polas administracións públicas co fin de conseguir unha maior axilización nos trámites e resolución dos asuntos administrativos. O volume económico da Universidade de Vigo e a súa organización en unidades centrais e periféricas (campus, centros e departamentos), así como o seu volume de contratación pública, fan necesaria a utilización desta técnica administrativa, de xeito que a xestión económica e contractual sexa áxil, racional e eficaz.

Polo antedito, de conformidade co disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, acorda ditar a seguinte resolución:

1. Deléganse no xerente, con independencia das competencias que lle outorgan a Lei Orgánica de Universidades e os estatutos da Universidade de Vigo, e, por suplencia, no vicexerente de Xestión Económica, as seguintes competencias:

a) A de autorizar, dispoñer e contraer obrigas sobre os créditos de gasto da universidade, a excepción dos mencionados nos números 2, 3, 4 e 5 desta resolución.

b) As de actuación como órgano de contratación da universidade nos termos establecidos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, agás o establecido nos números 2, 3 e 4 desta resolución.

2. Delégase nos/as vicexerentes do campus de Ourense e do campus de Pontevedra e nos/as administradores/as de centro/ámbito/campus, dentro do seu ámbito funcional, a contratación de subministracións e servizos non suxeita a regulación armonizada que poidan adxudicarse por procedemento negociado por razón de contía cando o seu valor estimado (IVE non incluído) non sexa superior ao establecido no artigo 161.2º da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. Esta delegación inclúe as facultades de retención, autorización, disposición e contracción de obrigas sobre os créditos correspondentes.

A Xerencia, por proposta do vicexerente ou administrador correspondente, poderá ordenar que un expediente de contratación se centralice por razón da súa complexidade ou da carga administrativa existente no centro.

3. Delégase nos/nas vicexerentes do campus de Ourense e do campus de Pontevedra e nos/nas administradores/as de centro/ámbito/campus, dentro do seu ámbito funcional, a tramitación e sinatura de contratos de subministracións e servizos baseados

nun acordo marco concluído pola universidade con un ou varios empresarios. O procedemento de adxudicación aterase ao establecido no artigo 182 da Lei de contratos do sector público e ao correspondente prego de cláusulas administrativas particulares do acordo marco, que poderá establecer limitacións a estas facultades. Esta delegación inclúe as facultades de retención, autorización, disposición e contracción de obrigas sobre os créditos correspondentes.

4. Deléganse as facultades de retención, autorización, disposición e contracción de obrigas dos gastos relativos á realización de obras, adquisición de subministracións e prestacións de servizos por contrato menor segundo o establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público e ás indemnizacións por razón de servizo nos órganos que figuran no anexo a esta resolución respecto aos créditos que teñan encomendados. Esta delegación inclúe a sinatura dos contratos menores.

As referencias que nas Normas de desenvolvemento do orzamento 2009 se fan aos órganos mencionados no seu artigo 14.1º entenderanse feitas aos órganos mencionados neste número.

5. Delégase nos órganos que figuran no anexo a esta resolución, respecto aos créditos que teñan encomendados, a competencia para contraer obrigas por gastos relativos á realización de obras, adquisición de subministracións e prestacións de servizos previamente autorizados e dispostos pola xerencia.

6. Non poden ser obxecto de delegación as competencias que se delegan nesta resolución e, en todo momento, o reitor pode avocar para si aquelas.

7. Quedan sen efecto as delegacións establecidas na Resolución reitoral do 11 de xullo de 2006 no seus números 13, c e d, no xerente e 14 nos administradores de centro, ámbito ou campus (DOG nº 138, do 18 de xullo de 2006, corrección de erros no DOG nº 131, do 6 de xullo de 2007).

8. Esta resolución terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 1 de abril de 2009.

Alberto Gago Rodríguez
Reitor da Universidade de Vigo

ANEXO

Órganos autorizados	Créditos encomendados por centros de gasto
O/A vicexerente do campus de Ourense	Vicerreitoría do campus de Ourense e Centro de Investigación de Ourense
O/A vicexerente de Xestión Académica e do campus de Pontevedra	Vicerreitoría do campus de Pontevedra

Órganos autorizados	Créditos encomendados por centros de gasto
A/O vicexerente de Planificación e Xestión da Investigación	Servizo de Apoio á Investigación, Oficina de I+D e centros de investigación do campus de Vigo
O/A xefe/a do Servizo de Extensión Universitaria	Servizo de Extensión Universitaria
O/A director/a da Oficina de Relacións Internacionais	Oficina de Relacións Internacionais
A/O director/a da biblioteca	Biblioteca Universitaria
Os/As administradores/as de centro, ámbito ou campus	Departamentos, facultades ou escolas, programas oficiais de posgrao, títulos propios e proxectos de investigación que se xestionen no seu ámbito funcional
O/A vicexerente de Xestión Económica	Centros de gasto non mencionados anteriormente

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Resolución do 31 de marzo de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.A. 560/2008, interposto por María Antonia Vidal Montenegro.

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu do Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela, providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.A. número 560/2008, interposto por María Antonia Vidal Montenegro contra a resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se estima parcialmente o recurso de alzada formulado contra a Resolución do 13 de maio de 2008 do tribunal designado para xulgar o proceso

selectivo para o acceso á categoría 003 auxiliar de clínica/auxiliar sanitario/a e outras), do grupo IV de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, polas quendas de acceso libre e promoción interna e cambio de categoría pola que se fai pública a puntuación da baremación definitiva da fase de concurso.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou, nesta data e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo ao referido xulgado, o que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento e se emprazan para que poidan comparecer como parte nos autos no Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela no prazo de 9 (nove) días, contado desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2009.

María del Mar Rodríguez Fernández
Directora xeral da Función Pública

Corrección de erros.-Resolución do 31 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convocan bolsas de traballo de persoal interino dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Advertido erro na citada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 68, do 8 de abril de 2009, debe facerse a seguinte corrección:

Na páxina 7.057, no punto oitavo, número 3, onde di: «3. Sen prexuízo do disposto na disposición adicional segunda, número 3, da Orde do 10 de febreiro de 2009, o número de integrantes das bolsas de traballo e de reserva por zonas de preferencia será o seguinte:

Corpo	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	Bolsa de traballo	Bolsa de reserva	Bolsa de traballo	Bolsa de reserva	Bolsa de traballo	Bolsa de reserva	Bolsa de traballo	Bolsa de reserva
Xestión procesual e administrativa	Zona 1: 17 Zona 2: 17	Zona 1: 9 Zona 2: 8	Zona 1: 4 Zona 2: 4	Zona 1: 2 Zona 2: 2	Zona 1: 4 Zona 2: 3	Zona 1: 2 Zona 2: 2	Zona 1: 14 Zona 2: 13	Zona 1: 7 Zona 2: 6
Tramitación procesual e administrativa	Zona 1: 46 Zona 2: 46	Zona 1: 23 Zona 2: 23	Zona 1: 12 Zona 2: 11	Zona 1: 6 Zona 2: 6	Zona 1: 13 Zona 2: 12	Zona 1: 6 Zona 2: 6	Zona 1: 38 Zona 2: 38	Zona 1: 19 Zona 2: 19
Auxilio xudicial	Zona 1: 28 Zona 2: 28	Zona 1: 15 Zona 2: 14	Zona 1: 7 Zona 2: 7	Zona 1: 4 Zona 2: 3	Zona 1: 7 Zona 2: 7	Zona 1: 4 Zona 2: 3	Zona 1: 24 Zona 2: 24	Zona 1: 13 Zona 2: 12

Debe dicir: «3. En todo caso a comisión provincial de interinos respectiva, atendendo á efectividade das bolsas e unha vez examinadas as solicitudes, poderá

establecer unha bolsa única de ámbito provincial en que quedarán integrados obrigatoriamente todos/as os/as solicitantes da correspondente provincia».